



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Matemática Discreta	Código	614G01004	
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación			
Coordinación	Perez Vega, Gilberto	Correo electrónico	gilberto.pvega@udc.es	
Profesorado	Aguado Martin, Maria Felicidad Costoya Ramos, Maria Cristina Doncel Juarez, Jose Luis Martín Aláez, Pedro Perez Vega, Gilberto Souto Salorio, Maria Jose Vidal Martin, Concepcion Vieites Rodriguez, Ana Maria	Correo electrónico	felicidad.aguado@udc.es cristina.costoya@udc.es jose.luis.doncel@udc.es pedro.malaez@udc.es gilberto.pvega@udc.es maria.souto.salorio@udc.es concepcion.vidalm@udc.es ana.vieites@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	<p>A materia de Matemática Discreta é unha materia cuatrimestral que se imparte no primeiro semestre do primeiro curso do grao en Enxeñaría Informática, corresponde ao módulo de Formación Básica.</p> <p>Nesta materia débense adquirir os hábitos de abstracción e rigor esenciais para calquera profesional da informática. Os conceptos que se estudan son básicos para o desenvolvemento doutras materias; por exemplo, en álgebra, algoritmos, seguridade informática, bases de datos, fundamentos informáticos, proxectos e xestión da calidade ...</p> <p>A natureza dos estudos e as necesidades de formación dos estudantes do Grao en Informática aconsellan un enfoque computacional desta materia, polo tanto, farase especial fincapé nos conceptos de matemática discreta que se usan na teoría da computadora, destacando o enfoque algorítmico nos métodos.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá modificacións nos contidos salvo que non se dispoña do tempo suficiente para unha adecuada exposición dos mesmos e/ou para traballar nos boletíns de exercicios. Neste caso o alumnado será informado a través das plataformas oficiais (Moodle, Teams).</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>* Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral: A través das plataformas virtuais da Universidade, o alumnado segue recibindo as notas elaboradas para ás clases teóricas presenciais de cada tema.- Prácticas de laboratorio: A través das plataformas virtuais da Universidade, o alumnado dispón do boletín de exercicios propostos.- Seminarios: Mediante a plataforma Teams, o alumnado poderá formular as súas dúbidas ó profesor, sobre os conceptos teóricos e a resolución dos exercicios. <p>* Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral: Haberá clases asíncronas e clases síncronas. Nas primeiras usaremos Moodle para que o alumnado teña acceso a vídeos explicativos sobre diversos conceptos e resultados da materia, seguidos de documentos con máis exemplos favorecendo que o estudante poda traballar de maneira autónoma. Nas clases síncronas faremos uso das vídeo-conferencias a través da plataforma Teams. Con este modelo de clase invertida, é especialmente importante recalcar ao estudante a necesidade de preparar pola súa conta as clases asíncronas antes da súa asistencia ás clases síncronas.- Prácticas de laboratorio: Haberá clases prácticas síncronas e asíncronas a través da plataforma Teams. O alumnado terá acceso ós vídeos correspondentes. Incluiránse as solucións. <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Cada grupo de prácticas terá atención semanal a través da plataforma virtual Teams. Asemesmo o profesor poderá programar sesións de tutorías co alumnado de cara á resolver dúbidas de carácter individual ou grupal.</p> <p>4. Modificacións na avaliación:</p> <p>* Observacións de avaliación:</p> <p>Tendo en conta as circunstancias do momento, as prácticas terán unha puntuación máxima do 30% e a proba obxectiva puntuará o restante. Esta última realizarase en dúas partes: unha delas contará o 40% da nota final, e a outra o resto. Para aprobar á asignatura o estudante deberá obter 5 puntos ou máis como nota total e, ademais, na proba obxectiva o estudante debe alcanzar a lo menos o 40% do seu peso.</p> <p>Os estudantes que non superen a primeira oportunidade, terán que presentarse a unha soa proba para recupera-lo porcentaxe da nota final correspondente á suma das dúas probas realizadas.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Existen versións pdf en liña, aínda que sexa de edicións anteriores ás que aparecen na bibliografía, da maioría das obras que forman a bibliografía básica.</p> <p>Se añaden:</p> <ul style="list-style-type: none">- Diestel, R. Graph Theory. Fourth Edition 2010, Springer-Verlag, Graduate Texts in Mathematics, Volume 173. (http://diestel-graph-theory.com/basic.html) (Capítulos 1, 3, y 10).
-----------------------------	---



- Bogart, Kenneth. Combinatorics through guided discovery. Dartmouth College, 2004. (<https://open.umn.edu/opentextbooks/textbooks/combinatorics-through-guided-discovery>)

Para algúns títulos existirá a posibilidade de acceso electrónico. O alumnado deberá consultar o catálogo da biblioteca.



Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que se poden presentar na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álgebra linear; cálculo diferencial e integral; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización.
A3	Capacidade para comprender e dominar os conceptos básicos de matemática discreta, lóxica, algorítmica e complexidade computacional e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría.
B1	Capacidade de resolución de problemas
B3	Capacidade de análise e síntese
B7	Preocupación pola calidade
B9	Capacidade para xerar novas ideas (creatividade)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	A1	B3	C1
Coñecer e manexar a linguaxe simbólica, formalizar argumentos lóxicos e probar a validez destes. Coñecer o concepto de Álgebra de Boole e as súas propiedades e aplicar ditas propiedades para simplificar expresións booleanas.	A1 A3	B3	C1
Coñecer os conceptos básicos da teoría de conxuntos e aplicacións.	A1 A3	B1	
Coñecer as técnicas de recuento e as súas aplicacións.	A1 A3	B1 B3	
Coñecer os conceptos fundamentais da teoría de relacións e grafos e a súa aplicación á resolución de problemas.	A1 A3	B1	
Coñecer as definicións e resultados básicos sobre máquinas de estado finito, autómatas finitos deterministas e expresións regulares.	A1 A3		
Desenvolver a capacidade de abstracción, concreción, concisión, imaxinación, intuición, razoamento, crítica, obxectividade, síntese e precisión, para utilizalas en calquera momento da actividade académica ou laboral, co fin de poder afrontar con garantías de éxito os problemas que se formulen.	A1 A3	B3 B7 B9	C1 C6
Adquirir ferramentas e destrezas para resolver os problemas de forma axeitada. Expresar e interpretar de forma precisa os resultados obtidos. Verificar o resultado e, en caso de obter unha incongruencia, revisar o proceso para detectar o erro cometido.	A1 A3	B3 B7 B9	C1 C6

Contidos

Temas	Subtemas
1. Lóxica e álgebras de Boole.	Proposicións e Operadores lóxicos. Implicacións e equivalencias lóxicas. Argumentos e métodos de demostración. Táboas semánticas. Lóxica de predicados: Cuantificadores. Argumentos en lóxica de predicados. Demostración por inducción. Álgebras de Boole. Funcións de Boole. Portas lóxicas básicas. Circuitos combinacionais. Minimización de circuitos. Diagramas de Karnaugh.



2.- Conxuntos e aplicacións.	Noción intuitiva de conxunto. Subconxuntos e complementario. Operacións con conxuntos. Propiedades. Producto cartesiano. Definición de aplicación. Tipos de aplicacións. Composición de aplicacións. Aplicación inversa.
3.- Combinatoria.	Principios básicos de conteo. Variacións e combinacións. Coeficientes binomiais e multinomiais. Principio de inclusión-exclusión.
4.- Relacións e grafos.	Relacións binarias. Relacións de equivalencia e conxunto cociente. Relacións de orden: elementos especiais dun conxunto ordenado e diagrama de Hasse. Conceptos básicos e terminoloxía de grafos. Matriz de adyacencia e conexión. Algúns tipos de grafos. Árboles.
5. Máquinas de estado finito e expresións regulares.	Máquinas de estado finito con saída. Autómatas finitos. Linguaxe recoñecida por un autómatas. Expresións regulares e conxuntos regulares. Simplificación de autómatas finitos.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 B7 C1	30	45	75
Seminario	A1 A3 B3 B9 C1 C6	8	12	20
Proba obxectiva	A1 A3 B3 B1 C1	3	0	3
Prácticas de laboratorio	A3 A1 B1 B3 B7 C6	20	30	50
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A través da plataforma virtual da universidade, porase a disposición do alumnado a información detallada dos contidos de cada tema co fin de que cada alumno/a configure, segundo o seu criterio e necesidades, o material adecuado para o seguimento e comprensión da materia, para iso poderá facer uso da bibliografía recomendada e/ou material dispoñible na rede. As clases teóricas e prácticas iranse desenvolvendo de forma simultánea na aula, realizando exercicios despois das explicacións teóricas. Iniciarase a explicación das técnicas formais por medio de exemplos, pondo énfases en cálculos concretos e na natureza algorítmica dalgúns delas. Preténdese que os/as estudantes sexan capaces de obter conclusións dos resultado obtidos, tentando motivarles para que participen e sexan capaces de inferir conclusións.
Seminario	Nas horas de tutorías poderanse expor dúbidas sobre os conceptos, exercicios e procedementos vistos nas sesións de teoría e problemas.



Proba obxectiva	Se realizará un examen escrito que consistirá en una colección de cuestiones teóricas y/o de problemas (del mismo tipo que los propuestos en los seminarios (TGR) y en los boletines de ejercicios).
Prácticas de laboratorio	<p>Ao comezo de cada tema facilitaráselle ao alumnado un boletín de exercicios relacionados cos contidos teóricos explicados nas clases de teoría. Nestas sesións preténdese:</p> <ul style="list-style-type: none">- incentivar ao estudante, mediante exercicios interactivos que deben resolver para reforzar a comprensión dos conceptos estudados,- fomentar a resolución razoada dos exercicios, evitando a utilización de "receitas". <p>Dependendo do tema e dos recursos dispoñibles, poderánse plantear traballos con programas informáticos que reforcen os conceptos traballados nas clases teóricas e de exercicios.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	<p>Nas sesións en grupos reducidos, resólvense as dúbidas formuladas polo alumnado, en especial cando sexan comúns a varios deles ou ilustren un caso interesante. Se a cuestión é máis particular ou non queda plenamente resolta para algún estudante, trataríase nas horas de titoría individualizada.</p> <p>O alumnado poderá revisar todas as probas realizadas ao longo do curso co fin de:</p> <ul style="list-style-type: none">- Coñecer as respostas correctas e ser consciente dos erros cometidos,- Comprobar que a cualificación obtida axústase aos criterios de avaliación establecidos.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A3 A1 B1 B3 B7 C6	<p>Ao longo do curso realizarase unha avaliación dos distintos temas onde se exporán definicións dos conceptos introducidos, cuestións e exercicios similares aos do correspondente boletín. Valorarase a resposta correcta ás cuestións e exercicios expostos e, a presentación e a claridade da exposición realizada.</p> <p>Poderase ter en conta a actitude participativa do alumnado na resolución das cuestións formuladas durante as prácticas.</p>	20



Proba obxectiva	A1 A3 B3 B1 C1	<p>Ao final do curso haberá unha proba escrita. Esta proba inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preguntas curtas que permiten avaliar se o estudante comprendeu os conceptos teóricos básicos. - Problemas cun grao de dificultade similar aos realizados na clase e aos presentados nas coleccións de exercicios propostos. <p>Avaliarase o dominio dos conceptos teóricos da materia, a comprensión deles e a súa aplicación na resolución de exercicios. Asimesmo, valorarase a claridade, a orde e a presentación dos resultados expostos.</p> <p>Para aprobar o curso é necesario obter máis de 3,2 puntos dos 8 posibles na proba escrita.</p> <p>A presentación á proba final do curso supón que o/a estudante rematou o proceso de avaliación continua.</p>	80
Outros			

Observacións avaliación

Avaliación do alumnado matriculado a tempo parcial:

Dependendo das particularidades de cada caso concreto e as posibilidades do profesorado encargado do grupo ao que estea asignado un estudante matriculado a tempo parcial, axustarase as probas da avaliación continua para que o devandito estudante poida obter a mesma cualificación que un estudante de matrícula ordinaria.

Avaliación do alumnado matriculado con necesidades dalgunha adaptación curricular:

Dependendo das particularidades de cada caso e as posibilidades do profesorado, axustaranse as probas de avaliación para que o devandito estudante poida realiza-las mesmas probas que os seus compañeiros.

Na oportunidade adiantada a decembro:

O exame cualificarase sobre dez puntos, sendo necesario obter polo menos un cinco para aprobar a materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Vieites, Ana et al (2014). Teoría de grafos. Ejercicios resueltos y propuestos. Laboratorio con SAGE. Paraninfo - Aguado, Felicidad et al (2018). Problemas resueltos de Combinatoria. Laboratorio con SageMath. Paraninfo - Rosen, K. H. (2019). Discrete Mathematics and Its Applications. McGraw-Hill - García Merayo, F.; Hernández Peñalver, G. y Nevot Luna, A. (2003). Problemas Resueltos de Matemática Discreta. Thomson - Caballero, R., Hortalá, M.T., Martí, N., Nieva, S., Pareja, A. y Rodríguez, M. (2007). Matemática Discreta para Informáticos. Ejercicios resueltos. Pearson
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Grimaldi, R. P. (2006). Discrete and Combinatorial Mathematics. Pearson Education - Scheinerman, E. R. (2001). Matemáticas Discretas. Thomson Learning - Biggs, N. L. (1994). Matemática Discreta. Vicens Vives

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase ter cursado as materias de Matemáticas do bacharelato.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías